

FOLLA DE INSCRICIÓN



*Contáronmo e esquecino;
vino, e entendíño;
fixeno, e o aprendíño.
Confucio*

Inscripción e información
UMAD

Teléfonos

981 52 87 87

981 52 87 67

FAX

981 52 87 80

Endereço electrónico

mjblancof@santiagodecompostela.org

Persoa de contacto

María José Blanco Freire

O programa de pais e nais
para a educación
presenta o taller



E AS DROGAS ¿QUE?

¿Como abordamos o tema das drogas
con respecto aos nosos fillos/as?

Subvenciona



Organiza e subvenciona



CONCELLO DE
SANTIAGO
UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN
A DROGODEPENDIENTES
(UMAD)

E AS DROGAS ¿QUE?

¿Como abordamos o tema das drogas con respecto aos nosos fillos/as?



A información que nos chega a diario desde os organismos oficiais e os diferentes medios de comunicación falan dun aumento de consumo de diferentes substancias entre a mocidade e tamén de que a idade de inicio na experimentación é cada vez menor.

Durante a primeira infancia parécenos que este tema nos toca de lonxe ¿ou non tanto?, mais cando nos vamos achegando á tan temida adolescencia e os nosos fillos/as pasan cada vez máis tempo fóra da casa, aparecen as dúbidas e gran preocupación.

Ben, daquela preguntámonos ¿que sabemos? ¿que podemos fazer desde a casa? ¿quen nos pode axudar? ¿onde me informo? E tantas outras cuestiós.

Con este obradoiro pretendemos...

Desde a nosa experiencia de anos de traballo no campo da prevención das drogodependencias, sabemos da capacidade preventiva que ten a familia, por iso queremos proporcionar estratexias e información aos pais e nais que:

- Axuden a abordar o tema das drogas con respecto aos seus fillos/as.
- Potencien os recursos preventivos que xa posúen os pais e nais.

Trataremos os seguintes temas

Ao longo das 8 horas de duración do obradoiro:

- Información acerca das principais substancias.
- Capacidade preventiva da familia.
- Visión das drogas por parte dos adolescentes.
- Factores de risco nas familias.

¿Como o faremos?

- Breves exposicións sobre os contidos de cada sesión.
- Traballo en gran grupo e en pequenos grupos.
- Debate.
- Representación de situacións reais.
- Participación de dous adolescentes para escoitar a súa visión.

Vai dirixido a...

- Pais, nais e tutores e tutoras legais.

Prazas e criterios de admisión

- Máximo de 30 persoas.
- A admisión no obradoiro farase por orde de inscrpción.

Imparte o obradoiro...

- **María José Blanco Freire.**

Psicóloga responsábel do programa de atención a adolescentes da Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes do Concello de Santiago de Compostela (UMAD).

Matrícula

- Gratuita.

Servizos

- Para aqueles pais e nais que participen no obradoiro e que o precisen, dispoñemos dun servizo de ludoteca gratuíto para os máis pequenos.

Datas

CALENDARIO	
Datas	Horario
Vernes 2 de marzo	18 a 20 horas
Vernes 9 de marzo	18 a 20 horas
Vernes 16 de marzo	18 a 20 horas
Vernes 23 de marzo	18 a 20 horas

Lugar
UMAD Manuel María nº 8. Salgueiriños Santiago de Compostela.

FICHA DE INSCRICIÓN

Para o obradoiro E as drogas ¿que? ¿Como abordamos o tema das drogas con respecto aos nosos fillos/as?

Curso 2006/2007

Nome e apelidos:

Teléfono/s de contacto:

Enderezo electrónico:

Centro educativo e idades dos fillos e/ou fillas:

Enviar por FAX (981 52 87 80) dirixido a:
Maria José Blanco Freire
UMAD Concello de Santiago
Enderezo electrónico: mjblancof@santiagodecompostela.org